

Resolución do 6 de outubro de 2017, da Comisión de selección para a provisión dunha praza de técnico/a provincial, convocada por resolución do 21/07/2017, pola que se convoca á proba de coñecementos dentro do proceso de selección segundo a base oitava da convocatoria.

A comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para o ingreso nas listas previas de técnico/a provincial, de conformidade co establecido nas bases que rexen o proceso, entre outros temas,

ACORDOU:

Primeiro: Candidatos/as convocados/as á proba de coñecementos

De conformidade co establecido na base oitava, acórdase convocar á realización da proba de coñecementos, para este proceso selectivo, ós/ás candidatos/as admitidos/as do anexo á Resolución de admitidos/as e excluídos/as publicada no día 6 de outubro de 2017.

Segundo: Convocar á realización da proba de coñecementos

De conformidade co establecido na base oitava, acórdase convocar á realización da proba de coñecementos ós/ás candidatos/as admitidos/as no punto anterior, para a proba de coñecementos a celebrar o día **24 de outubro de 2017, en chamamento único que comezará ás 10:00h**, e nas seguintes instalacións:

Escola Galega de Administración Pública

Rúa de Madrid nº2-4
Santiago de Compostela

A proba de coñecementos terá carácter eliminatorio, e versará sobre os coñecementos do temario da praza convocada.

Consistirá en responder por escrito a un cuestionario tipo test de 60 preguntas máis 5 de reserva, nun tempo máximo de 90 minutos, sobre os contidos do programa recollidos no anexo I das base da convocatoria,

Cada resposta correcta valórase con 1 punto, penalizando con 0,25 puntos cada resposta errónea. As respostas en branco non puntúan nin penalizan. A proba califícase de 0 a 60 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 30 puntos para a superación desta fase.

A plantilla de resultados publicarase na web de SEAGA, dispoñendo dun prazo de dous días hábiles para posibles reclamacións contra a mesma por parte dos/as aspirantes.

Transcorrido dito prazo, os resultados da proba publicaranse de acordo co previsto no punto 1 da base segunda desta convocatoria, dispoñendo dun prazo de tres días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación para poder realizar as alegacións que estimen oportunas.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2017

Martín Martínez Abal

A handwritten signature in blue ink, appearing to be "Martín Martínez Abal".

Presidente da Comisión